



INSTITUTO GALEGO DE  
ESTADÍSTICA

# INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliación s medias xullo 2019**

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xullo do ano 2019 acadou a cifra de 1.037.482 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de xuño de 2019 de 12.289 afiliacións (1,20%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.533.211, rexistrando un aumento do 0,08% con respecto ao pasado mes de xuño.

Na comparativa interanual (xullo de 2019 con xullo de 2018) obsérvase un incremento de 15.936 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,56%) e un incremento do 2,58% (490.401 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xuño de 2019, rexístrase un aumento das afiliacións en nove comunidades autónomas, destacando principalmente Cantabria (2,78%); mentres que o maior descenso prodúcese en La Rioja (-1,33%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Murcia, Madrid, Comunitat Valenciana e Andalucía (todas elas con taxas superiores ao 3,0%). En senso contrario, os menores crecementos rexístranse en Asturias e Castilla y León (con taxas inferiores ao 1,5%).


**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2019	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>19.533.211</b>	<b>15.514</b>	<b>0,08</b>	<b>490.401</b>	<b>2,58</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.037.482</b>	<b>12.289</b>	<b>1,20</b>	<b>15.936</b>	<b>1,56</b>
Andalucía	3.137.679	-14.712	-0,47	93.336	3,07
Aragón	589.039	-657	-0,11	10.313	1,78
Asturias	372.431	4.159	1,13	4.322	1,17
Illes Balears	591.967	11.372	1,96	12.205	2,11
Canarias	806.375	-4.464	-0,55	19.457	2,47
Cantabria	226.611	6.130	2,78	3.662	1,64
Castilla La Mancha	719.049	4.133	0,58	16.735	2,38
Castilla y León	938.948	9.592	1,03	11.716	1,26
Cataluña	3.520.636	12.193	0,35	79.344	2,31
Comunitat Valenciana	1.924.636	1.268	0,07	57.352	3,07
Extremadura	405.446	601	0,15	6.899	1,73
Madrid	3.227.816	-16.849	-0,52	107.625	3,45
Murcia	601.728	-945	-0,16	20.208	3,48
Navarra	288.021	-1.189	-0,41	7.046	2,51
País Vasco	969.544	-3.873	-0,40	20.109	2,12
La Rioja	129.702	-1.745	-1,33	2.094	1,64
Ceuta e Melilla	46.100	-1.792	-3,74	2.043	4,64

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de xuño de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en tres das catro provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 1,97%, o que supón 8.540 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (1,70%) e Lugo (1,07%). Por último está Ourense cunha taxa negativa (-0,04%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xullo con respecto ás do mes de xuño de 2019, rexistrouse en Galicia un aumento do 1,20%. Todas as provincias amosan datos positivos, producíndose o maior aumento en Pontevedra (1,62%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XULLO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	442.245	3.712	0,85	8.540	1,97
LUGO	125.749	1.730	1,39	1.327	1,07
OURENSE	104.362	1.036	1,00	-42	-0,04
PONTEVEDRA	365.126	5.811	1,62	6.111	1,70
<b>GALICIA</b>	<b>1.037.482</b>	<b>12.289</b>	<b>1,20</b>	<b>15.936</b>	<b>1,56</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>19.533.211</b>	<b>15.514</b>	<b>0,08</b>	<b>490.401</b>	<b>2,58</b>


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,6% das afiliacións galegas en xullo de 2019, medraron un 1,47% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,41%. En España estas taxas foron do 0,13% con respecto a xuño de 2019 e do 3,05% en relación ao mes de xullo de 2018. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,7%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,32%. Para este réxime e con respecto ao mes de xuño de 2019, todas as provincias (agás Pontevedra) rexistran taxas negativas, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,04%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha diminución con respecto a xuño de 2019 (-0,24%) e un aumento con respecto a xullo de 2018 (0,36%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xullo de 2018 todas as provincias amosan taxas negativas entre as que destaca principalmente Lugo (-4,07%). A taxa galega sitúase entón no -0,79%, inferior á de España (0,46%). Con respecto a xuño de 2019 as tres provincias medran, correspondendo a taxa máis alta a Pontevedra (3,00%). A taxa galega amosa un aumento do 2,86% con respecto a xuño de 2019. A taxa nacional é do 3,50%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN XULLO 2019	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	442.245	0,85	1,97
LUGO	125.749	1,39	1,07
OURENSE	104.362	1,00	-0,04
PONTEVEDRA	365.126	1,62	1,70
GALICIA	1.037.482	1,20	1,56
ESPAÑA	19.533.211	0,08	2,58
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	350.624	1,03	2,70
LUGO	90.111	2,00	2,72
OURENSE	80.520	1,35	1,32
PONTEVEDRA	283.470	1,87	2,26
GALICIA	804.725	1,47	2,41
ESPAÑA	16.183.392	0,13	3,05
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	85.860	-0,02	-0,73
LUGO	34.108	-0,19	-2,83
OURENSE	23.842	-0,17	-4,37
PONTEVEDRA	67.610	0,29	-0,17
GALICIA	211.420	0,04	-1,32
ESPAÑA	3.278.833	-0,24	0,36
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.761	2,71	-0,91
LUGO	1.531	2,13	-4,07
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	14.046	3,00	-0,36
GALICIA	21.338	2,86	-0,79
ESPAÑA	69.625	3,50	0,46

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>